



ÚNETE Á COMPOSTAXE!

FACER O NOSO PROPIO COMPOST É SINXELO E MOI BENEFICIOSO



Concello de
Outeiro de Rei

COMEZAMOS A COMPOSTAR!

1

INSTALACIÓN DO COMPOSTEIRO

O composteiro debe instalarse nun lugar de fácil acceso, se é posible resgardado do vento e debaixo dunha árbore de folla caduca, para que a súa sombra o resgarde do sol no verán e no inverno non sexa unha zona excesivamente fría. Colocarase directamente sobre a terra para facilitar o acceso de organismos que axudan no proceso de compostaxe.

2

PREPARACIÓN DO COMPOSTEIRO

É necesario preparar un leito ou cama de ramas, pallas ou calquera outro material que permita unha boa aireación. O leito, de aproximadamente 20 cm, situarase na base do composteiro e a súa función será facilitar a aireación e a entrada de microorganismo ao mesmo.

3

PREPARACIÓN DA MESTURA

Para obter un bo compost, o mellor é utilizar unha gran variedade de materiais. Canto máis triturados estean, máis rápido obteremos o compost.

A achega de materiais húmidos (restos de comida, froita, pousos de café, céspede...) debe ser aproximadamente o dobre que de materiais secos (follas, herba seca, restos de poda triturados...) sendo necesario alternar capas de cada material para que a textura sexa uniforme.

4

AIREACIÓN E HUMIDADE

Cada vez que se introduza novo material, é conveniente remover e mesturar co material máis antigo, para permitir a aireación e a correcta mistura dos materiais.

O ideal é que a masa de materiais estea húmida pero non empapada. Se se observa excesiva humidade debemos engadir material seco e remover para que se absorba.

Se se observa que o material está seco, será necesario achegar auga durante o removido para humedecer mellor todo o material.

5

OBTENCIÓN DO COMPOST

O compost obtense aproximadamente tras 5-6 meses; pódese empezar a extraer o compost xa elaborado pola parte inferior do composteiro.

Un compost maduro presenta unha textura terrosa e unha cor marrón escura, e no mesmo non se aprecian materiais sen descompoñer.

PROBLEMAS E SOLUCIÓNS

PROBLEMA	POSIBLE CAUSA	SOLUCIÓN
Material moi húmido	Exceso de rega	Airear e baleirar o material. Se non se resolve, sacar o compost, voltear e mesturar con material seco
Material moi seco	Secura no ambiente, demasiados materiais secos ou abandono temporal do composteiro	Regar a pila uniformemente. Engadir material fresco. Sacar o compost, voltear e mesturar con materiais frescos
Cheiro a podrecido	Falta de osíxeno, exceso de humidade ou proceso anaeróbico	Sacar o compost, voltear e mesturar con materiais secos
Cheiro a amoníaco	Achega excesiva de material rico en nitróxeno (céspede, restos de comida...), exceso de humidade ou proceso anaeróbico	Sacar o compost, voltear e mesturar con materiais secos
Presenza de moscas	Exceso de humidade ou restos de comida sen cubrir	Cubrir os restos de comida con material seco ou terra
Presenza de roedores	Restos de comida	Eliminar os restos de comida, voltear. Colocar unha malla metálica debaixo do composteiro

MATERIAIS QUE SE PODEN DEPOSITAR



Restos de verduras



Restos de froitas



Produtos lácteos



Restos de carne ou peixe



Pousos de café, infusións



Restos de plantas



Cascas de ovo



Podas de horto e xardín



Restos de cartón



Panos de mesa e papel de cociña



Cascas de noces



MATERIAIS QUE NON SE PODEN DEPOSITAR



Excrementos de mascotas



Medicamentos



Cabichas




Plástico e vidro



Pilas



ANÍMATE



A COMPOSTAR!